

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 29 DE XULLO DE 2019

1.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa á solicitude de inicio da avaliación ambiental da Modificación puntual do Plan Parcial do solo urbanizable delimitado número 17 (SUD 17). Monte do Gozo-Aríns. Remítese á Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental a solicitude de inicio do procedemento da devandita modificación, promovida por iniciativa da mercantil Fomento de Iniciativas Inmobiliarias, SL.

2.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa á solicitude de inicio da avaliación ambiental da Modificación puntual do Plan Parcial do solo urbanizable delimitado número 16 (SUD 16). Agra dos Campos. Aríns. Remítese á Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental a solicitude de inicio do procedemento da devandita modificación, promovida por iniciativa da mercantil Fomento de Iniciativas Inmobiliarias, SL.

3 a 71.- Propostas da concelleira delegada de economía e facenda relativa a beneficios fiscais no imposto sobre bens inmobles (IBI) e no imposto sobre vehículos de tracción mecánica (IVTM). Concédense os beneficios fiscais solicitados.

72.- Proposta da concelleira delegada de Facenda relativa á concesión de bonificación no IBI, por carencia de servizos básicos. Concédese a bonificación solicitada.

73.- Propostas da concelleira delegada de Facenda relativas á concesión de exencións na taxas pola subministración de auga e conservación de contadores, saneamento e depuración de augas residuais e prestación do servizo de recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos. Concédense a exencións solicitadas.

74.- Recoñecementos extraxudiciais de créditos. Apróbase a proposta.

75.- Proposta da concelleira delegada de Medio Ambiente relativa á reprogramación do proxecto europeo TRAFAIR financiado polo programa europeo CONNECTING EUROPE FACILITY (CEF-Telecom), e outros extremos. Apróbase a devandita reprogramación, da que resulta unha transferencia do orzamento do Concello deste proxecto á Universidade de Santiago por un importe total de 90.000 €, en virtude da cal a USC comprará os sensores de calidade do aire de baixo custo que se colocarán na cidade e realizará a instalación, mantemento e calibrado dos mesmos.

76.- Proposta do concelleiro delegado de Relacións Veciñais relativa á aprobación das bases da convocatoria de subvencións ás asociacións veciñais sen ánimo de lucro para o desenvolvemento de programas e actividades de interese xeral durante o exercicio 2019. Apróbanse as devanditas bases, cun orzamento total de 100.000 €.

77.- Proposta da alcaldía relativa ao cese dunha funcionaria que desempeña un posto directivo. Apróbase o cese da directora da área de Réxime Interior.

78.- Proposta da alcaldía relativa á solicitude dunha subvención á Xunta de Galicia ao abeiro da orde de 16.5.19 para a contratación de mulleres que sofren violencia de xénero, exercicio 2019. Acórdase a solicitude da devandita subvención, por importe de 366.242,67 €

79.- Dar conta pola concelleira delegada de Acción Cultural da sinatura de diversos convenios de colaboración entre o concello de Santiago de Compostela e distintas entidades do sector cultural, 2019. Dáse conta da sinatura dos convenios con Música en Compostela, Asociación O Galo, Museo do Pobo Galego, Asociación Cultural Cidade Vella, Casa da Troia, Ateneo de Santiago, Asociación Cultural Rocha Forte, Fundación Rosalía de Castro e Conservatorio de Música Tradicional e Folque.

80.- Devolución de fianza de "obras de acondicionamento do local para CASA DA MULLER". Autorízase a devolución da fianza.

81.- Devolución de fianza de "subministro e instalación de equipamento para a creación dunha área de xogos infantís na Praza de Galicia". Autorízase a devolución da fianza.

82.- Devolución de fianza de "subministro e instalación de equipamento para a creación dunha área de xogos infantís e mellora dos axardinamentos na Praza de Vigo". Autorízase a devolución da fianza.

83.- Devolución de fianza de "servizo de xestión e desenvolvemento das escolas de verán 2018. Programa municipal de conciliación do departamento de Educación e Cidadanía do concello de Santiago de Compostela". Autorízase a devolución da fianza.

84.- Devolución de fianza de "subministro de prendas de uniformidade da policía local de Santiago de Compostela 2017; LOTE A: Prendas de confección a medida, LOTE B: Complementos, LOTE C: Calzado, LOTE D: Prendas para o auga". Autorízase a devolución da fianza.

URXENCIAS

1.- Inicio do expediente por incumprimento do contrato de execución de obras de mellora de mobilidade e accesibilidade ao barrio de Vista Alegre, fase I, dando audiencia ao contratista. Iníciase o devandito expediente coa empresa Eulogio Viñal Obras y Construcciones, SA, dando audiencia ao contratista e á entidade avalista por un prazo 15 días hábiles e poñendo á súa disposición o expediente.

2.- Proposta do concelleiro delegado de Obras relativa á desestimación das alegacións formuladas no expediente de resolución do contrato de execución das obras de reparación da rúa Pedreira e anexas (POS 2015). Acórdase dar un novo trámite de audiencia de dez días hábiles á empresa Construcciones Rafer, SL, dándolle traslado dos informes remitidos pola dirección de obra, en cumprimento do ditame do Consello Consultivo de Galicia de 22 de maio de 2019 de resposta á proposta de resolución do contrato acordada pola Xunta de Goberno do 22 de abril.